

# E-DIXGAL

Educación dixital en Primaria e Secundaria



Estratexia  
Galicia Dixital  
2030



2030

Configurando o futuro dixital



## Servizo de Soporte Premium

**Teléfono:** 881 86 99 00

**E-mail:** [soporte.premium@edu.xunta.gal](mailto:soporte.premium@edu.xunta.gal)

# ESTRATEGIA EDUCACIÓN DIXITAL 2030 DigCompOrg



Conxunto de iniciativas para mellorar as competencias dixitais no ámbito educativo (centros educativos, profesorado, alumnado e familias) o que supón unha garantía para avanzar na integración e igualdade de oportunidades.

O Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg) define as accións a desenvolver para a dixitalización dos centros educativos.

## Competencias clave LOMLOE

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia plurilingüe (CP).

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Competencia dixital (CD).

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Competencia cidadá (CC).

Competencia emprendedora (CE).

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

## Competencias dixitais alumnado

Información e datos

Comunicación e colaboración

Creación de contido dixital

Seguridade e privacidade


Contorna dixital e solución dos problemas.

<https://competenciasdixitais.xunta.gal>  
<https://www.edu.xunta.gal/portal/guialomloe>



XUNTA  
DE GALICIA

# QUE OFRECE UNHA AULA DIXITAL?



As **aulas dixitais** están equipadas para ofrecer ao alumnado unha experiencia educativa adaptada ás necesidades duns/as rapaces/as que se desenvolven nunha contorna tecnolóxica.

O alumnado ten á súa disposición os contidos de todas as materias do seu curso na plataforma virtual de aprendizaxe. Pode acceder a esta plataforma desde calquera ordenador con conexión a Internet empregando as claves de acceso que se lle proporcionan no seu centro educativo.

Tamén existe a posibilidade de acceder aos contidos sen necesidade de ter conexión a Internet, a través dunha aplicación xa instalada no portátil E-DIXGAL.

Deste xeito, aínda no caso de non dispoñer de conexión a Internet no domicilio, o/a alumno/a poderá seguir o curso sen dificultade.

PANTALLA  
DIXITAL  
INTERACTIVA

CONECTIVIDADE  
WIFI

ORDENADOR DE  
AULA

ORDENADOR DO  
PROFESORADO

ORDENADOR DO  
ALUMNADO

# A QUE CONTIDOS ACCEDE O/A MEU/MIÑA FILLO/A?



Ademais do material didáctico de cada materia de varias editoriais (EDEBÉ, Netex Learning, aulaPlaneta e Pearson) integrado na plataforma E-Dixgal, os/as docentes teñen á súa disposición o repositorio de contidos espazoAbalar (<https://recursos.edu.xunta.gal/>)

con máis de 2.000 contidos educativos dixitais en 7 idiomas que inclúen material de produción propia, entre os que se atopan os contidos innovadores producidos polo profesorado galego na iniciativa DIXIT.

Estes contidos están deseñados para facilitar unha educación interactiva e participativa, empregando o portátil ou o encerado dixital.

Ademais, o portátil proporciona ao alumnado un amplo conxunto de aplicacións educativas agrupadas por categorías como imaxes en 3D de planetas, táboa periódica ou editor de moléculas para ciencias, dicionarios para as materias de lingua, apps de experimentos e circuitos eléctricos para física ou de operacións gráficas, entre outras.



O emprego destes recursos e ferramentas facilita ao alumnado a adquisición de competencias dixitais necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

# CARACTERÍSTICAS DO ORDENADOR PORTÁTIL



O/A teu/túa fillo/filla dispón dun PC portátil de algún dos modelos que se citan a continuación (todos co mesmo sistema operativo, as mesmas aplicacións, e características e prestacións similares), que pode ser utilizado tanto no modo portátil como no modo tableta.

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI, igual que calquera outro dos seus propios dispositivos persoais.



HP ProBook x360 11 G1 EE



Lenovo Yoga 11e 5th Gen



HP ProBook x360 11 G5 EE



## QUEN É O RESPONSABLE DO PORTÁTIL?



A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña o dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía).

O centro proporcionaralle o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no propio centro educativo.

## Seguro opcional para o portátil do/a alumno/a

Se así o desexa, pode contratar un seguro anual (válido dende setembro de 2025 ata agosto de 2026) que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono 881 505 136.

### O seguro cubre

Rotura de calquera compoñente do equipo (pantalla, , carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores ...)  
Rotura do cargador de alimentación

### O seguro non cubre

Roubo ou perda, tanto do portátil como do cargador de alimentación ou do lapis.  
Rotura do lapis ou da punta deste.



# Navegación Segura



Unha ferramenta de navegación segura implementada a partir da nova maqueta Abalar 12, instalada nos portátiles do alumnado E-Dixgal que proporciona aos equipos novas funcionalidades de seguridade, protección e estabilidade.

## Funcionalidades básicas

### **Filtrado de contidos**

Filtrado de contido inapropiado usando Blacklist e Whitelist

### **Filtrado por categorías**

Configuracións precisas para filtrado de sitios web por categorías

### **Protección desde calquera tipo de conexións**

Funciona indistintamente desde calquera tipo de ubicación ou conexión: na aula, no domicilio, ...

### **Filtrado de actividades**

Evita accesos non autorizados a sitios con información sensible.

# SEGUE A ACTIVIDADE ACADÉMICA DO TEU/TÚA FILLO/FILLA



## abalarMóbil

Ademais da web, o proxecto Abalar ofréceche a opción de seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/filla dende calquera lugar e en calquera momento desde o teu móbil ou tableta coa app abalarMóbil.

Pódela descargar dende App Store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android)

## espazoAbalar

No espazo "familias" do Portal espazoAbalar (<https://espazoabalar.edu.xunta.gal>) podes consultar toda a información académica do/da teu/túa fillo/filla.

